

Estatística de familias numerosas 2023

Operación estatística n.º 2103-01-OE06

Estatística de familias numerosas 2023

Operación estadística n.º 2103-01-OE06

XUNTA
DE GALICIA

Estatística de familias numerosas. Operación estatística 2103-01-OE06. 2023.

Elabora:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia.

Edita:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Santiago de Compostela, 2024.

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estadistica-de-familias-numerosas>



ISSN: 1139-4420

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

Presentación	5
Metodoloxía	7
Normativa aplicable	9
Requisitos, categorías, persoas beneficiarias e beneficios	11
Datos estatísticos	17
Títulos de familia numerosa expedidos por categorías e provincias	17
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a tipoloxía das fillas e dos fillos.....	18
Títulos de familia numerosa segundo o sector económico da persoa titular	24
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular	25
Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular.....	26
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes	27
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade das fillas e dos fillos	28
Títulos de familia numerosa en vigor en 31 de decembro de 2023.....	29



Presentación

O Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, aprobado polo Decreto 160/2023, do 28 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024), establece como unha das operacións estatísticas da Consellería de Política Social e Xuventude (actual Consellería de Política Social e Igualdade), a estatística de familias numerosas que agora lles presentamos.

Nesta publicación recóllense as características básicas das familias numerosas galegas baseándonos na información que achegan as persoas interesadas na solicitude de recoñecemento ou renovación do título que acredita a condición de familia numerosa. Os datos que aquí se presentan corresponden aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

Consellería de Política Social e Igualdade



Metodoloxía

Os datos recollidos nesta estatística extráctanse da información facilitada polas propias persoas interesadas mediante as solicitudes de outorgamento ou renovación dos títulos de familia numerosa.

Estas solicitudes pódense presentar nos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nos concellos ou en calquera outra oficina pública.

Así mesmo, na epígrafe de idades dos cónxuxes, o total é superior ao número de títulos xa que se contabilizan as dúas ou os dous cónxuxes e, nunha mesma parella, cada persoa pode estar nun grupo de idade distinto.

Co fin de manter o segredo estatístico e evitar a identificación individual das familias, non se fará distinción por categorías nas estatísticas que se indican a continuación:

- Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo o sector económico da persoa titular.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular.

Nesta publicación reflíctense os datos elaborados a partir das solicitudes dos títulos (novos ou renovados) de familia numerosa expedidos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Esta estatística complétase cos totais de títulos de familias numerosas en vigor o 31 de decembro de 2023. Como títulos en vigor compútanse todos os existentes e que están activados, é dicir, que están renovados, deixando en suspenso os que, por distintas causas, as persoas titulares deixaron que caducasen pero que seguen tendo os requisitos para conservar a condición de familia numerosa.



Normativa aplicable

(Por orde cronolóxica)

- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45, do 06.03.2000).
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas (BOE núm. 277, do 19.11. 2003).
- Lei 52/2003, do 10 de decembro, de disposicións específicas en materia de seguridade social (BOE núm. 296, do 11.12.2003).
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE núm. 313, do 31.12.2003).
- Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 15, do 18.01.2006).
- Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social (BOE núm. 291, do 5.12.2007).
- Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009 (BOE núm. 309, do 24.12.2008).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia (DOG núm. 134 do 13.07.2011).
- Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil (BOE núm. 175, do 22.07.2011).
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 (BOE núm. 312, do 28.12.2013).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE núm. 180, do 29.06.2015).
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 (BOE núm. 341, de 31.12.2020).
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia (BOE núm. 78, do 01.04.2021).



Requisitos, categorías, persoas beneficiarias e beneficios

Requisitos

Para o recoñecemento da condición de familia numerosa, a unidade familiar deberá estar formada por unha ou dúas persoas ascendentes e necesítase:

1. Ter 3 ou máis fillas/os, sexan ou non comúns.

Poderán ser só 2 fillas/os nos seguintes casos:

- que un ou unha das fillas ou dos fillos teña recoñecido un grao de discapacidade igual o superior ao 33% ou a condición de incapacitada ou incapacitado para o traballo.
- que as dúas persoas proxenitoras teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% ou estean incapacitadas para o traballo ou, polo menos, unha delas teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

2. Tamén terán a condición de familia numerosa as formadas por:

- Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai ou dous, se unha ou un ten unha discapacidade, maiores de 18 anos que convivan e teñan unha dependencia económica entre si.
- Dúas ou dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora pero non ás súas expensas.
- Nai ou pai con dúas fillas ou fillos, cando falecese a outra persoa proxenitora.

3. As fillas ou os fillos deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser solteiras ou solteiros.
- Convivir coas persoas ascendentes.
- Ser menor de 21 anos, excepto se ten unha discapacidade. A idade poderá ampliarse ata os 25 anos se cursan estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.
- Dependere economicamente das persoas ascendentes. Entenderase que mantén a dependencia económica cando:
 - obteña uns ingresos non superiores, en cómputo anual, ao SMI vixente ou contribúa ao sostemento da familia, nos supostos establecidos na lei.

- estea incapacitada ou incapacitado para o traballo e a contía da súa pensión, de percibila, non exceda, en cómputo anual, ao IPREM vixente, incluídas as 14 pagas, agás que percíbise pensión non contributiva por invalidez, en cuxo caso non opera tal límite.
- a/o filla/o contribúa ao sostemento da familia e exista unha única persoa ascendente, se esta non está en activo.
- a/o filla/o contribúa ao sostemento da familia e unha ou as dúas persoas ascendentes estean incapacitadas para o traballo, xubiladas ou sexan maiores de 65 anos de idade, sempre que os seus ingresos non sexan superiores, en cómputo anual, ao salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

4. Todas as persoas membros da unidade familiar deberán ser españolas ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dos restantes estados parte no Acordo sobre Espazo Económico Europeo e ter a súa residencia en territorio español ou exercer unha actividade por conta propia ou allea en España, aínda que resida nalgún dos países aludidos anteriormente.

No caso das persoas naturais doutros estados, observarase o establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, e a Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro.

Categorías

As familias numerosas clasifícanse en razón do número de fillos:

Categoría especial:

- as de cinco ou máis fillas/os.
- as de catro, nos seguintes supostos:
 - Se polo menos tres das fillas ou fillos proceden de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.
 - Se os seus ingresos anuais, divididos polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, non superan en cómputo anual o 75% do SMI, incluídas as pagas extraordinarias.

Categoría xeral: o resto das unidades familiares.

No caso de que existan fillas ou fillos discapacitados computarase cada unha ou cada un como dous para determinar a categoría na que se clasifica a unidade familiar da que se forma parte.

Persoas beneficiarias

Considérase persoa beneficiaria do título de familia numerosa:

O pai, a nai, ou ambos conxuntamente, cando exista vínculo conxugal e, de ser o caso, a persoa cónxuxe dun deles. Tamén a persoa ou persoas que, en ausencia das persoas anteriores, tivesen ao seu cargo a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo das fillas ou fillos, sempre que estes convivan con ela ou elas e ás súas expensas.

Todas as fillas ou fillos que cumpran os requisitos anteriormente mencionados. Terán a mesma consideración que as fillas e os fillos as persoas sometidas á tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

Beneficios

1. Deducións fiscais.

Imposto sobre a renda das persoas físicas

- Deducións estatais
 - Ata 1.200 euros para a categoría xeral
 - Ata 2.400 euros na categoría especial

Esta contía incrementarase ata 600€ anuais por cada unha das fillas ou fillos que formen parte da familia numerosa que exceda o número de fillas ou fillos esixido para que a dita familia adquira a condición de familia numerosa da categoría xeral ou especial, segundo corresponda.

- Deducións no tramo autonómico
 - 250 euros no caso de que se trate de familias con dúas/dous fillas/os
 - no resto dos casos, a dedución incrementase en 250 euros adicionais por cada filla/o.

A dedución duplicarase cando a persoa contribuínte ou algunha das persoas descendentes que dean dereito a aplicar esta dedución teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

- Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para adquisición da vivenda habitual:
 - Aplicación dun tipo de gravame do 3%, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, cando na data de devindicación do imposto sexa membro dunha familia numerosa e non superen os 400.000 € de patrimonio, máis 50.000 € por cada persoa membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa.
 - Dedución do 100% na cota íntegra do imposto cando a vivenda habitual adquirida se atope en áreas rurais ou nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas.

- Na modalidade de actos xurídicos documentados para adquisición da vivenda habitual:
 - Aplicación dun tipo de gravame do 0,5%, cando na data de devindicación do imposto a persoa contribuínte sexa membro dunha familia numerosa e non superen os 400.000 € de patrimonio, máis 50.000 € por cada persoa membro superior ao mínimo para obter a dita condición.
 - Dedución do 100% na cota íntegra do imposto cando a vivenda habitual adquirida atópase en áreas rurais ou nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas.

Mais información:

https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/gl_es/ciudadanos-familias-personas-discapacidad/deducciones-relacionadas-hijos-descendientes.html

<https://www.atriga.gal>

<https://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/transmisions-patrimoniais-e-actos-xuridicos-documentados/transmisions-patrimoniais-e-actos-xuridicos-documentados>

2. Educación

- Reducións das taxas na expedición de títulos e de prezos nas matrículas no ámbito educativo.
- A preferencia na adxudicación de prazas nos centros sostidos con fondos públicos e nas convocatorias de bolsas de axuda ao estudo.
- Incremento do 20% na categoría xeral e 50% na especial para beneficiarias ou beneficiarios por infortunio familiar cuberto polo seguro escolar.
- Dereito ao subsidio por necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade para o transporte e comedor.
- Maior puntuación na adxudicación de prazas e descontos do 20% no prezo que debe aboar polos servizos de comedor e/ou horario ampliado, das escolas infantís 0-3 anos.
- Preferencia no acceso ás prazas de residencias xuvenís dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e no acceso a prazas de colaboradoras ou colaboradores bolseiros para as devanditas residencias.
- Preferencia no acceso ás prazas de centros residenciais docentes dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e no acceso a prazas de colaboradoras ou colaboradores bolseiros para os devanditos centros.
- Bonificacións nos prezos polos servizos de residencia e comedor nos centros de formación agraria da Consellería do Medio Rural e nos centros de formación náutico-pesqueira, así como nas matrículas na Aula de Seguridade e Salvamento da Consellería do Mar.
- Bonificacións nos prezos de matrícula nos estudos do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

3. Lecer e tempo libre

- Redución dun 30% sobre o prezo que resulte das estadias nas residencias de tempo libre da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Descontos nos prezos relativos ás actividades socioeducativas do programa Acción de verán promovidas pola Consellería de Cultura, lingua e Xuventude.
- Descontos nos campamentos para persoas con discapacidade organizados pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- Bonificacións no prezo de entrada aos museos, auditorios e teatros de titularidade estatal.
- Descontos na compra de entradas para espectáculos e eventos culturais na Cidade da Cultura de Galicia e Salón Teatro de Santiago de Compostela.
- Preferencia nos programas de turismo e termalismo para persoas con discapacidade ou maiores da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Redución do 20% para a categoría xeral e 50% para a categoría especial da cota de abono dos participantes nas viaxes de turismo e quendas de termalismo para persoas con discapacidade subvencionados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO).
- Axudas económicas para estadias de fin de semana nas estacións de montaña, Programa montaña en familia.

4. Vivenda

- Beneficios no acceso á vivenda: tanto para a adquisición como para o alugamento de vivenda recollidos nos plans e programas de vivenda tanto estatais como autonómicos.

Máis información:

Instituto Galego da Vivenda e Solo (881 999 016/ 981 541 982 e 981 957 529)

- Dedución do 50% no canon da auga. A dedución na cota por familia numerosa só poderá obterse na vivenda principal. E, de ser o caso, tamén gozarán dunha dedución do 50% no coeficiente de vertedura.

Máis información:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=AU230I>

- Bono social: bonificación na factura eléctrica para persoas consumidoras domésticas que formen parte dunha familia numerosa.

Máis información:

<http://www.bonosocial.gob.es/#inicio>

5. Transporte

- Redución do 50% no imposto de matriculación dos automóviles con capacidade entre 5 e 9 prazas.
- Redución das tarifas de transporte por estrada (interurbano), ferrocarril, marítimo e aéreo (dependendo da categoría).
- Descontos dun 20% para a categoría xeral e 50% para categoría especial, para aquelas persoas que formen parte dunha familia numerosa e sexan titulares dun contrato individual de tarxeta metropolitana de Galicia (TMG), que soliciten o alta na aplicación social da TMG.
- Bonificación nas autoestradas galegas (A Coruña- Carballo e Puxeiros – Val Miñor): Para os vehículos lixeiros, nas viaxes de ida e volta en 24 horas, a volta será gratuíta, sempre que paguen co Via-T.
- Bonificacións nos prezos establecidos nos aparcamentos da rede de hospitais públicos e centros dependentes da Xunta de Galicia.
- Reserva de prazas de aparcamento para familias e mulleres en estado de avanzada xestión.

Máis información:

<https://tmg.xunta.gal/politicasocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/familias-numerosas/aplicacion-social-do-transporte-de-galicia>

<https://tmg.xunta.gal/tmg-social>

<https://vivendaeninfraestructuras.xunta.gal/estradas/explotacion/bonificacions-peaxe>

6. Outros beneficios sociais

- Exención das taxas de expedición do DNI e dos pasaportes.
- Redución ou exención das taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Bonificación do 45 % nas cotas á Seguridade Social para a contratación dunha persoa coidadora ao servizo da familia, sempre que as dúas persoas proxenitoras ou unha, no caso de ser monoparental, exerzan unha actividade profesional por conta allea ou propia fose do fogar ou estean incapacitadas para traballar.
- Cando a familia numerosa posúa a categoría especial, non será necesario que ambas as persoas proxenitoras desenvolvan calquera actividade retribuída fóra do fogar.
- Incremento do límite de ingresos para ter dereito ás asignacións económicas da Seguridade Social por prestacións familiares.
- Incremento da duración do subsidio por maternidade non contributivo: as nais traballadoras que non acrediten o período mínimo de cotización necesario para a prestación de maternidade, poderán recibir unha prestación económica por importe do 100% do IPREM durante 42 días, incrementándose en 14 días máis no caso de familias numerosas ou na que con tal motivo consiga a dita condición.

- Ampliación do período considerado como cotizado e do de reserva do posto de traballo no caso de excedencia por coidado de fillas ou fillos.
- Aboamento mensual de maneira anticipada das deducións do IRPF por persoa contribuínte que forme parte dunha familia numerosa. No caso das familias de categoría xeral ata 1.200 € e no caso das de categoría especial ata 2.400 €.

7. Carné familiar galego

É unha tarxeta persoal e intransferible á disposición das persoas que compoñen unha familia numerosa coa que obteñen vantaxes ou descontos en diferentes establecementos colaboradores con este programa en Galicia.

Máis información na seguinte web:

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/familias-numerosas/carne-familiar-galego>


Datos estadísticos

Títulos de familia numerosa expedidos por categorías e provincias

Títulos por categorías


Categoría xeral	14.105
Categoría especial	3.012
Total	17.117

Categoría especial
17,60%



Títulos por provincias

Categoría	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Xeral	6.231	1.119	1.161	5.594	14.105
Especial	1.165	239	270	1.338	3.012
Total	7.396	1.358	1.431	6.932	17.117



Títulos de familia numerosa segundo a tipoloxía das/dos fillas/fillos

Provincia da Coruña			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	2
	0	2	100
	0	3	540
	0	4	7
	1	1	405
	2	0	3
Total títulos novos categoría xeral			1.057
Categoría especial	0	4	24
	0	5	2
	1	2	8
	1	3	1
	2	0	12
Total títulos novos categoría especial			47
Total títulos novos			1.104

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	616
	0	2	972
	0	3	2.213
	0	4	125
	1	0	296
	1	1	843
	1	2	75
	2	0	34
Total títulos renovados categoría xeral			5.174
Categoría especial	0	1	17
	0	2	56
	0	3	90
	0	4	328
	0	5	80
	0	6	11
	0	7	5
	0	8	1
	0	9	2
	0	11	2

Categoría especial	1	0	14
	1	1	42
	1	2	229
	1	3	42
	1	4	11
	1	5	1
	1	6	1
	1	8	1
	2	0	130
	2	1	39
	2	2	8
	2	5	1
	3	0	6
	3	1	1
Total títulos renovados categoría especial			1.118
Total títulos renovados			6.292

Total títulos novos	1.104
Total títulos renovados	6.292
Total provincia da Coruña	7.396

Provincia de Lugo			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	2	18
	0	3	132
	1	1	57
Total títulos novos categoría xeral			207
Categoría especial	0	4	3
	0	5	1
	2	0	1
Total títulos novos categoría especial			5
Total títulos novos			212

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	99
	0	2	195
	0	3	417
	0	4	18
	1	0	41
	1	1	126
	1	2	7
	2	0	9
Total títulos renovados categoría xeral			912
Categoría especial	0	1	4
	0	2	3
	0	3	13
	0	4	84
	0	5	16
	0	6	5
	0	7	2
	1	0	3
	1	1	10
	1	2	48
	1	3	8
	1	4	1
	2	0	25
	2	1	7
	2	3	1
3	0	4	
Total títulos renovados categoría especial			234
Total títulos renovados			1.146
Total títulos novos		212	
Total títulos renovados		1.146	
Total provincia de Lugo		1.358	

Provincia de Ourense			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	2	18
	0	3	103
	0	4	1
	1	1	65
	2	0	1
Total títulos novos categoría xeral			188
Categoría especial	0	4	5
	0	5	1
	1	2	2
	2	0	1
Total títulos novos categoría especial			9
Total títulos novos			197

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	117
	0	2	201
	0	3	382
	0	4	15
	1	0	61
	1	1	181
	1	2	13
	2	0	3
Total títulos renovados categoría xeral			973
Categoría especial	0	1	5
	0	2	11
	0	3	18
	0	4	82
	0	5	15
	0	6	2
	0	8	1
	0	9	1
	0	11	1
	1	0	6
	1	1	11
	1	2	60
	1	3	6


Categoría especial	1	4	1
	2	0	27
	2	1	11
	2	2	1
	3	0	2
Total títulos renovados categoría especial			261
Total títulos renovados			1.234
Total títulos novos		197	
Total títulos renovados		1.234	
Total provincia de Ourense		1.431	

Provincia de Pontevedra			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	2	79
	0	3	359
	0	4	7
	0	6	1
	1	1	333
	1	2	2
	2	0	1
Total títulos novos categoría xeral			782
Categoría especial	0	3	1
	0	4	13
	0	5	3
	1	2	3
	1	3	2
	2	0	8
	2	2	1
Total títulos novos categoría especial			31
Total títulos novos			813

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	598
	0	2	926
	0	3	1.891
	0	4	60
	1	0	291
	1	1	944
	1	2	67
	2	0	33
	2	1	2
Total títulos renovados categoría xeral			4.812
Categoría especial	0	1	26
	0	2	62
	0	3	136
	0	4	260
	0	5	47
	0	6	14
	0	7	1
	1	0	42
	1	1	86
	1	2	280
	1	3	55
	1	4	6
	1	6	1
	1	7	2
	2	0	202
	2	1	65
	2	2	8
3	0	7	
3	1	6	
4	0	1	
Total títulos renovados categoría especial			1.307
Total títulos renovados			6.119
Total títulos novos		813	
Total títulos renovados		6.119	
Total provincia de Pontevedra		6.932	


Títulos de familia numerosa segundo o sector económico da persoa titular

Sector económico		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Agricultura e pesca	Categoría xeral	198	69	23	144	434
	Categoría especial	64	15	6	37	122
Industria	Categoría xeral	316	51	45	270	682
	Categoría especial	56	16	11	57	140
Construción	Categoría xeral	181	34	34	132	381
	Categoría especial	52	20	14	40	126
Servizos	Categoría xeral	3.911	618	660	2.800	7.989
	Categoría especial	597	73	98	587	1.355
Non constan	Categoría xeral	1.072	292	297	1.725	3.386
	Categoría especial	183	82	95	369	729
Non act. laboral	Categoría xeral	553	55	102	523	1.233
	Categoría especial	213	33	46	248	540
Total		7.396	1.358	1.431	6.932	17.117




Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular

Situación laboral		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Activa	Categoría xeral	4.780	864	909	4.263	10.816
	Categoría especial	704	113	148	755	1.720
Desempregada	Categoría Xeral	757	138	144	684	1.723
	Categoría especial	256	73	85	325	739
Incapacidade laboral	Categoría xeral	104	9	8	73	194
	Categoría especial	19	7	4	17	47
Non act. laboral	Categoría xeral	431	71	76	424	1.002
	Categoría especial	149	34	27	176	386
Xubilada	Categoría xeral	159	37	24	150	370
	Categoría especial	37	12	6	65	120
Total		7.396	1.358	1.431	6.932	17.117




Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular

Estado civil		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Casada	Categoría xeral	4.342	756	838	3.924	9.860
	Categoría especial	786	153	193	891	2.023
Divorciada	Categoría xeral	790	109	127	685	1.711
	Categoría especial	166	22	32	199	419
Separada	Categoría xeral	65	19	21	73	178
	Categoría especial	20	7	3	23	53
Solteira	Categoría xeral	526	132	70	493	1.221
	Categoría especial	150	44	32	173	399
Viúva	Categoría xeral	508	103	105	419	1.135
	Categoría especial	43	13	10	52	118
Total		7.396	1.358	1.431	6.932	17.117



Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes é menor de 20 anos	Categoría xeral	9	0	3	6	18
	Categoría especial	1	0	0	1	2
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten entre 21 e 30 anos	Categoría xeral	125	43	44	89	301
	Categoría especial	26	17	10	18	71
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten entre 31 e 45 anos	Categoría xeral	2.305	494	448	1.989	5.236
	Categoría especial	646	147	169	693	1.655
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten máis de 45 anos	Categoría xeral	4.571	777	847	4.206	10.401
	Categoría especial	722	138	155	853	1.868
Total		8.405	1.616	1.676	7.855	19.552



Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade das fillas ou fillos

Títulos con tres ou máis fillas/os menores de 10 anos

N.º de fillos/as		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Categoría xeral	3	352	68	51	250	721
	4	9	24	1	4	38
Total categoría xeral		361	92	52	254	759
Categoría especial	3	90	8	15	71	184
	4	25	1	6	19	51
	5	10	0	2	2	14
	6	1	0	0	0	1
	7	0	0	0	0	0
Total categoría especial		126	9	23	92	250
Total		487	101	75	346	1.009


Títulos con tres ou máis fillas/os entre 10 e 25 anos

N.º de fillos/as		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Categoría xeral	3	1.339	236	226	1.317	3.118
	4	65	7	7	34	113
	6	0	0	0	2	2
Total categoría xeral		1.404	243	233	1.353	3.233
Categoría especial	3	289	62	61	308	720
	4	118	20	22	106	266
	5	30	6	8	17	61
	6	3	2	1	5	11
	7	2	0	1	2	5
	8	2	0	0	0	2
	10	1	0	0	0	1
Total categoría especial		445	90	93	438	1.066
Total		1.849	333	326	1.791	4.299

Títulos de familia numerosa en vigor en 31.12.2023

Títulos por provincias

Categoría	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Xeral	10.905	2.316	2.228	10.145	25.594
Especial	1.306	302	344	1.469	3.421
Total	12.211	2.618	2.572	11.614	29.015





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE